

Normativa do Parque de Asistencia

- A entrada á asistencia dos vehículos dos participantes inscritos no rallye abrirase ás 15:00h e cerrase ás 21:00h do xoves, volvendo a reanudarse o venres dende as 08:30h até a finalización da 1ª etapa. Os vehículos de grandes dimensións non poderán acceder a partir das 10:30 horas do venres.
- Durante as noites do xoves e venres queda prohibida a entrada e saída do parque.
- Para acceder ao parque de asistencia deberase colocar a pegatina que será entregada na entrada do parque e na que se escribirá a matrícula do vehículo. **Non se permitirá a entrada a ningún vehículo que non leve a pegatina de asistencia.**
- Queda prohibido mover os vehículos de asistencia unha vez estén ubicados dentro.
- Os vehículos de asistencia que queiran abandonar o P.A. deberán seguir as indicacións do Xefe do Parque ou comisarios.
- No caso de abandono de algún equipo participante deberán dirixirse ao Xefe de Parque para que autorice a súa saída ao exterior.
- Non está permitido o acceso ao parque de asistencias a vehículos con acreditación de PRENSA ou adhesivos dos recoñecementos.
- Os vehículos de asistencia que abandonen o parque sen causa xustificada non poderán volver a acceder a el.

Ao mesmo tempo, recórdaselles a todos os participantes o establecido nos artigos 24.3 e 24.4 do Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes Asfalto 2026

24.3.1 No interior dos Parques de Asistencia os vehículos non poderán superar a velocidade de **30 km/h**.

24.3.2 Os equipos deberán ter na súa zona de asistencia, nun lugar visible, como mínimo un **extintor de 5 kg**.

24.3.3 Os equipos deberán deixar o lugar onde fixeron a asistencia nas mesmas condicións nas que o atoparon á súa chegada, debendo depositar o lixo nos contedores do Parque de Asistencia.

24.3.4 Cada equipo disporá dunha **lona para o chan** que cubra a zona onde se fai a asistencia do vehículo de competición.

24.3.5 Só poderán ter un vehículo de asistencia como máximo, por cada vehículo inscrito, que poderán actuar no Parque de Asistencia. Ditos vehículos deberán estar claramente identificados coas placas de asistencia entregadas polo organizador e postas en lugar visible.

24.3.6 As marcas que sexan organizadoras de algunha Copa (regulamentadas pola FGA) poderán ter un máximo de DOUS vehículos actuando nos Parques de Asistencia pa dar servizo ós equipos inscritos no certame.

24.3.7 Os dereitos de inscrición levarán incluído o subministro de unha placa de identificación, co seu número correspondente e pegada en lugar visible do vehículo de asistencia.

24.3.8 A acreditación emitida pola FGA dará dereito á entrada no PA con vehículo.

24.4 Espazo para equipos

O espazo para os equipos será o equivalente ó lugar que ocupe o vehículo de competición mais un vehículo de asistencia. Os organizadores de copas monomarca terán o espazo que ocupen dous vehículos.

Os equipos que necesiten espazo adicional deberán solicitalo á organización por escrito, é a organización da proba poderá darlle unha placa adicional que tamén irá numerada.

24.5 Unha vez que entre o vehículo de asistencia no PA, si sae, non poderá volver a entrar no mesmo excepto que sexa despois de facer unha asistencia remota ou de recoller un vehículo abandonado. O incumprimento de esta norma conlevará unha penalización que se aplicará ó participante ó que este vehículo lle estea facendo asistencia.

24.6 Queda terminantemente prohibido transportar bidóns no vehículo de competición, así como levar ningún ocupante que non sexa piloto ou copiloto.

24.7 Nos parques de asistencia será obrigatorio por parte da organización dispor de 4 extintores.

24.8 Aconséllase non facer uso de patinetes ou bicicletas no Parque de Asistencia tanto adultos como a nenos, ante o perigo de un posible accidente ou atropelo.

O Comité Organizador